

Buscando luz na lembranza.

Cando na noite do ano veñen fríos e xeadas
o Nadal dos curtos días onda o lume se resguarda,
cando o Sol é tan pequeno que nos valados se agacha
coma unha luz preguiceira que non levanta os nubrados,
nun taboleiro xa vello e nun recuncho apartado
todos xuntos, en familia, polo frío arremuiñados,
no fogar de longas horas, moitas cousas cavilamos:
para uns son anos curtos; para outros,
longos anos.

*Por fóra frío e folerpas,
por dentro calor humana no arrecendo adormecido da xustiza inalcanzada,
no arrecendo adormecido dun soño reparador,
na ansia dunha lembranza...
Por dentro anhelo de luz, por fóra neve callada.*

Por iso a ninguén lle esquece que agora un belén poñamos:
¡facendo un Nacemento con figuriñas de barro!.
...E na cima do pesebre, o mellor tenor cantando
-para que todos o sintan ¡ben arriba no máis alto!-
cantigas doces de amor, de ilusión, ...coa voz dun anxo
que chama polo albor e esperta os primeiros raios,
pícaro e seductor, no curuto, estará o galo.
E a satisfacción modela a todos na veciñanza.
Cada peza ten seu sitio naquela chaira nevada,
...escultores de siluetas a imaxe e semellanza.
Mais nun lugar preferente, como cómpre no escenario,
¡O Meniño no seu berce!.

Mentres ó seu fillo mira, a Virxe está sentada;
a mula, o boi e os pastores, ...San Xosé coa súa vara
-de alta e retorta xostra de azucena floreada.
Coidan o sono do Neno que dorme en leito de pallas.
Chamados pola súa luz que libera e dá confianza
para acabar neste mundo coa humillación tirana.

*Vento do Nordés que zoas e brúias con rouca voz
¡ainda no mar hai estrelas e as súas augas bágoas son!.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.
Tanta soedade e silencio, tantas sombras, tanta dor,...
Contéstame ti se sabes ¿quen o amor nos conxelou?.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Queda en vixía o galo que desde o alto nos chama
e nos amosa o mencer, que para iso os galos cantan.

*Todos ó redor do lume e coa tenrura na ialma.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Cortizas, carriza e terra, fontes da Moura e da Lama.
Montes coma o Cadramón, O Xistral ou os da Carba.
...E adornan o nacemento casas como as nosas casas.

*Vaise debullando a vida e así vai collendo traza.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Camiñan para Belén, que está no medio da Chaira.
Vai Xacobe e O Manuel, vai Leonor e mais Xoana.

*Estrelas no azul do ceo, pontigos de pedra e táboa.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Imos camiñando xuntos que está a noite estrelada,
falando nas nosas cousas, ...e o río en papel de prata.
Algodón e mais fariña
arremedan a nevada,
van arroupando un pesebre
que lles sirva de morada, nestas noites de invernía,
a unha familia sen casa.

*Vento do Nordés que zoas e briás con rouca voz
a aqueles que tan só teñen camiño na noite escura
neste tempo dá mornura, dá agarimo e dá amor.
Levan o alento xeado, a alma xeada e núa.*

*Por fóra frío e folerpas,
por dentro calor humana no arrecendo adormecido da xustiza inalcanzada,
...dun soño reparador,
na ansia dunha lembranza...
Por dentro anhelos de luz, por fóra neve callada.*

*No arrecendo adormecido da neve fría nos tentos,
...por fóra frío e folerpas
coa caloriña no corpo e coa tenrura nos beizos.
Por dentro soños de luz,
...fóra, fría neve en carambelos.*